

Un ano máis Verín participa XIII Limpeza Simultánea de ríos do Proxecto Ríos

Venres, 25 Setembro 2020 13:05

XIII Limpeza simultánea de río
Galiza, 27 setembro 2020

Achégate e participa

MÓLLATE POLOS RÍOS

Lugares e entidades

A Coruña
Oficina de Medio Ambiente da UOC
Asoc Hortas do Val de Feiás
ADEGA Coruña
A Estrada
Asoc. A Vesteira
A Guarda
Asoc. A Jalleira
A Cañiza
Fundación MundoNatura

Ames
Concello de Ames
A Merca
Asoc. Xuvenil Xoldreira
Ares
Asoc. Amigos do Mosteiro de Sta. Catalina de Montefaró
Ariea
Asoc. Pescadores do Iso
As Pontes
Asoc. EuroEume
Betanzos
Fragas do Mandeo
Camañas
Mar de Fábula
PX Costa da Morte
Cangas
ADEGA-Morrazo
Carballo
Concello de Carballo
Cerral
Asoc. Brexa
Catoira
Ecoloxistas de Catoira
Cenlle
Asoc. Veixal Lentille
Fene
AETNA

Gondomar
Voluntarios/as do Proxecto Ríos de Gondomar
Concello de Gondomar
Lugo
ADEGA Lugo
Lousame
Fundação Montescola
Marín
Grupo Cultural Ronsel
Meis
CPI Mosteiro Meis
Conceleira de Cultura.
Concello de Meis
Melide
Asoc. Melidá
Moaña
ADEGA-Morrazo
Mulleres
Asoc. A Corga do Barxés
Negreira e A Baña
Asoc. Alfonso Eanes
Nigrán
Concello de Nigrán / Oficina de Turismo
O Porriño
Asoc. Valora Natura
Ourense
Aula Natureza do Río Miño
Ecoloxistas de Franciscanas
Pareda de Sil
A Fábrica da Luz
Pol
Concello de Pol
Ponteareas
Plataforma pola Defensa do Teo
Pontevedra
Valporeiro
Fundación Juan XXIII

Redondela
AAVV Chapela
Asoc. Artelxo
Rianxo
Concello de Rianxo
Ribadania
Colectivo Ecoloxista do Salnés
San Sadurniño
Concello de San Sadurniño
Santiago de Compostela
ADEGA Compostela
Gentalha do Pichel
AFA Montecost
Salceda de Caselas
Asoc. Trezeceatorze
Saría
Asoc. Cultural Crearte
Seoane do Courel
Fundación Uxo Novoneyra
Teo
Concello de Teo
Tomíño
Concello de Tomíño
Asociación A Talía
Centro Terapéutico Alborada
Valga
Muíño Didáctico de Campaña
Verín
Asoc. CDR Portas Abertas
Concello de Verín
Stars Nature Watchers
Vigo
Asoc. Bidueiro
Xinzo de Limia
Conceleira de Cultura e Mocidade
Teo

Colaboran os concellos

A Estrada
Ames
Ariea
Carballo
Fene
Gondomar
Meis
Melide
Nigrán
Pourense
Pol
Ponteareas
Rianxo
Ribadania
San Sadurniño
Salceda de Caselas
Santiago de Compostela
Teo
Tomíño
Verín
Xinzo da Limia

www.proxectosrios.org

VOLUNTARIADO AMBIENTAL

Iniciativa Organiza Promove

XUNTA DE GALICIA XUNTR DE OURENSE

O vindeiro domingo 27 de setembro é a data na que se realizará a actividade á que o Concello de Verín se suma novamente organizando un grupo de limpeza para a décimo terceira edición das limpeza simultáneas de río, organizadas por ADEGA (Asociación pola Defensa Ecolóxica de Galicia).

O Proxecto Ríos é un programa de Educación e Voluntariado Ambiental que ten a finalidade de dar a coñecer o importante papel dos cursos fluviais, amosar as súas problemáticas así como fomentar iniciativas que permitan á cidadanía o mantemento e a mellora dos ríos proporcionando as ferramentas que garantan a súa participación.

A XIII Limpeza Simultánea “Móllate polos ríos” celebrarase este ano en 49 concellos de toda Galiza, e participarán máis de 58 entidades como asociacións, concellos, colectivos ecoloxistas, delegacións de ADEGA, centros de ensino. A limpeza será o 27 de setembro

e mobilizará a numerosos voluntarios e voluntarias que se desprazarán aos ríos para deixalos libres de lixo, nunha xornada de voluntariado ambiental e concienciación social. Os/as voluntarios/as serán agasallados cunhas máscaras co lema da limpeza.

Respectaranse tamén as indicacións pertinentes en relación á situación de pandemia provocada pola COVID-19 dependendo da situación sanitaria de cada zona polo que os grupos

serán de 10 persoas como máximo e respectarase a distancia de 1,5 m. O uso de máscara será de uso obrigatorio para todas as persoas participantes. Cada persoa voluntaria deberá levar as súas propias luvas.